



7.10. AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

De existir dous ou máis grupos nun nivel educativo, distribuiranse en estrita orde alfabética.

Pero para garantir a heteroxeneidade e favorecer a coeducación teranse en conta os criterios de modificación seguintes:

- ❖ O alumnado NEAE agruparase igualmente por orde alfabética. Se nunha aula coincidisen dous ou máis alumnos/as destas características e outros grupos non as tivesen, distribuiríanse nos grupos atendendo a orde alfabética.
- ❖ Os/As alumnos/as repetidores/as, se os/as houbera, repartiranse nos grupos por orde alfabética e tendo en conta tamén o nº de alumnado de cada grupo.
- ❖ De maneira excepcional e por motivos pedagóxicos xustificados, o equipo de orientación a petición dun titor/a, pode presentar un informe para solicitar a escolarización dun neno con NEAE nun grupo determinado ao remate da etapa de infantil.
- ❖ No caso de alumnos con escolarización tardía na Educación Infantil, na transición á Educación Primaria, que sexan agrupados tendo en conta o seu grupo de orixe e non a orde alfabética.

Para a distribución de alumnado en 4º de infantil:

- ❖ Cando se observe que nun grupo o nº de alumnos ou de alumnas sexa superior ao 60% confeccionaranse dúas listas, unha de nenos e outra de nenas e distribuiranse nos grupos equitativamente e por orde alfabética.
- ❖ Os xemelgos/as e os/as trillizos/as, sempre que o nº de grupos o permita, escolarizaranse en distintas aulas, coa finalidade de favorecer o pleno desenvolvemento da súa personalidade, a adquisición de hábitos de autonomía e responsabilidade individual, mérito e esforzo persoal; así como a capacidade de confianza en si mesmos/as. Seguirase o criterio alfabético para a súa asignación ao grupo. Escóitarase ás familias e revisaranse os informes que aporten nun sentido contrario por se procede algunha excepción a esta norma.

Redistribución dos agrupamentos en primaria.

Ao remate do 1º e 2º ciclo de primaria (2º e 4º nivel), redistribuiranse os grupos para romper posibles dinámicas inadecuadas, dar oportunidade de coñecer mellor ao alumnado doutros grupos, axudar ao alumnado máis introvertido a conseguir recursos para integrarse en novas dinámicas sociais.

No paso de 2º a 3º colocaranse por orde alfabética pero primeiro os que resulten na posición "impar" e despois os "pares".

No paso de 4º a 5º ordenaranse de novo por orde alfabética, pero collendo de referencia o segundo apelido.

Realizarase sempre de maneira obxectiva, e seguindo os mesmos criterios de modificación que aparecen nos parágrafos anteriores.